



SI

A Sociedade da Información nos fogares galegos

Ano 2018

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2019



Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

A Sociedade da Información nos fogares galegos

Ano 2018

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela
2019



ÍNDICE

Introdución	5
I. Fogares con dispositivos electrónicos	6
II. Fogares con Internet contratado e banda larga	15
III. Persoas que utilizaron equipos electrónicos nos 3 últimos meses	27
IV. Persoas que utilizaron Internet nos 3 últimos meses	37
V. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet	49
VI. eAdministración	58
Conclusións	65
Indicadores adicionais	67
VII.1. Dispositivos de acceso a Internet	69
VII.2. Telefonía móbil	70
VII.3. Usos de dispositivos electrónicos	71
VII.4. Usos de servizos de Internet	73
VII.5. Redes sociais	74
VII.6. Aplicacións móbiles	77
VII.7. Formación en novas tecnoloxías	79
VII.8. Ciberseguridade e protección na Rede	85
VII.9. Comercio por Internet	91
VII.10. Administración electrónica	94
Conclusións indicadores adicionais	108



INTRODUCCIÓN

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado en outubro de 2012, entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos. O acordo de colaboración permite evitar a duplicidade de enquisas, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

No presente informe recóllense os resultados dos principais indicadores da Sociedade da Información nos fogares galegos, elaborados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Este organismo é o responsable de realizar o procesamento estatístico e a análise que se presenta neste Diagnóstico, que forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2020 da Xunta de Galicia.

Medición da evolución das TIC nos fogares

A información que se amosa neste diagnóstico procede dun módulo da Enquisa Estrutural de fogares. No ano 2018 a enquisa recolleu información de 7.883 fogares onde reside cando menos unha persoa de 16 a 74 anos. Supón un total de 16.231 persoas de 16 a 74 anos de idade.

O diagnóstico constitúe unha síntese dos resultados da evolución da Sociedade da Información en Galicia, a través do equipamento e usos das TIC nos fogares galegos nos que residen persoas de 16 a 74 anos de idade. En concreto, ofrécese información sobre a dispoñibilidade de ordenador e outros dispositivos electrónicos, Internet contratado e banda larga. Ademais, avaliarase a utilización do ordenador e Internet por parte das persoas, a adquisición dalgún ben ou servizo a través de Internet e o uso da administración electrónica.

A enquisa aporta datos desagregados por subconxuntos de idade, sexo, hábitat, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparativa dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

I. DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS FOGARES

A photograph of a silver laptop computer open on a light-colored surface, likely a table. The laptop is positioned in the lower half of the frame. Behind it is a light-colored, textured brick wall. The laptop screen is dark, and a semi-transparent white text box is overlaid on the bottom right of the screen. To the left of the laptop, a small portion of a green plant in a white pot is visible.


☞ O ordenador portátil está presente en máis da metade de fogares galegos, converténdose no dispositivo que conta con mais presenza en Galicia

I. Fogares con dispositivos electrónicos

Un ano máis, a presenza de ordenadores nos fogares galegos (equipos tanto de sobremesa como portátiles, tablets ou PDA) continúa crescendo, acadando unha porcentaxe do 73,0% dos fogares galegos con estes dispositivos.


Este incremento non ten lugar unicamente en Galicia, posto que esta subida maniféstase tamén a nivel estatal e europeo, o que amosa a importancia deste tipo de equipamento para a sociedade actual.

G.1. FOGARES CON ORDENADORES



Base: total de fogares
Fonte: OSIMGA + IGE (2018)


G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA



Fogares con ordenadores

Evolución Galicia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE (2015-2018)

Fogares con ordenadores

Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Nota: non se dispón de datos europeos para o ano 2016 e 2018

O ordenador portátil é o dispositivo con máis presenza, estando no 58,2% dos fogares galegos. Ocupa o segundo posto o PDA ou tablet, dispoñible nun 37,8% das vivendas en Galicia, superando xa o ordenador de sobremesa.

G.3. FOGARES CON ORDENADORES SEGUNDO O DISPOSITIVO

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Analizando as provincias galegas, nos fogares da Coruña obsérvase unha maior presenza de ordenadores cun 75,6%, e en Pontevedra cun 73,9%. Pola outra banda, situaríanse os fogares de Ourense, onde a presenza de ordenadores (sobremesa, portátiles ou PDAs e tablets) é dun 64,8%.

G.4. FOGARES CON ORDENADORES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O tamaño de hábitat incide de xeito significativo na dispoñibilidade de ordenadores nas vivendas, sendo as vivendas situadas nos concellos de máis de 20.000 habitantes as que acadan porcentaxes superiores ás da media autonómica, mentres que nos concellos de menor poboación, descende a presenza de ordenadores ata o 52,1%.

G.5. FOGARES CON ORDENADORES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

As áreas de Santiago (80,7%) e da Coruña (79,7%) confirman os datos anteriores, referidos a núcleos con maior poboación con maior presenza de ordenadores.

G.6. FOGARES CON ORDENADORES SEGUNDO A ÁREA


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A continuación facemos unha visualización da información anterior nun mapa que permite ver en función da intensidade de cores, a maior presenza de ordenadores en áreas próximas a zonas urbanas como Santiago ou A Coruña.

G.7. MAPA DE FOGARES CON ORDENADORES SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Os sete concellos con maior poboación de Galicia superan a media autonómica (73,0%), A excepción da cidade de Ferrol, as cidades da provincia da Coruña son as que maior porcentaxe de dispositivos electrónicos posúen, A Coruña cun 85,2% e Santiago cun 87,9%.

G.8. FOGARES CON ORDENADORES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O número de persoas que conviven no fogar tamén amosa ser un factor que incrementa a dispoñibilidade de ordenadores, acadando o seu máximo valor nos fogares de 4 membros, onde a presenza destes dispositivos é do 91,3%.

G.9. FOGARES CON ORDENADORES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O volume de ingresos do fogar tamén incide de xeito directo neste indicador, de xeito que nos fogares onde as rendas son máis altas acadan o 94,4% de dispoñibilidade de ordenador, mentres que nos de menor volume de ingresos descende ata o 43,5%.

G.10. FOGARES CON ORDENADORES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A presenza de menores en idade escolar repercute de xeito positivo tamén na dispoñibilidade de ordenadores no fogar, de xeito que o 92,5% das vivendas onde conviven menores de 3 a 16 anos posúe ordenadores, fronte ao 66,8% onde non residen rapaces desta idade.

G.11. FOGARES CON ORDENADORE SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)


II. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO E BANDA LARGA

- ➡ No último ano incrementáronse 1,8 puntos porcentuais os fogares que contan con Internet contratado, acadando o 85,6%
- ➡ A velocidade de Internet tamén se incrementou, acadando un 48,1% dos fogares galegos contan cunha velocidade de Internet contratada superior aos 30 Mbps

II. Fogares con Internet contratado


En canto ao indicador de fogares que contan con Internet contratado, o 85,6% están nesta situación, o que supón un incremento de 1,5 puntos porcentuais respecto ao último dato obtido no 2017. Un ano máis, o tipo de conexión é, na súa totalidade, de banda larga, xa que a velocidade de conexión a Internet acada sempre velocidades iguais ou superiores a 1Mbps.

G.12. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO



A evolución de fogares con Internet contratado en Galicia é superior a observada a nivel europeo pero non a nivel estatal, acadando un crecemento do 19,7% no período 2015-2018. Cabe salientar que no período 2015 – 2018, reduciuse a fenda dixital na contratación de Internet respecto á media europea en 8,1 puntos porcentuais.


G.13. EVOLUCIÓN DO INDICADOR DE INTERNET CONTRATADO E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA



Fogares con internet contratado

Evolución Galicia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE (2015-2018)

Fogares con internet contratado

Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Resaltamos novamente as provincias de Pontevedra e A Coruña, que contan cunha maior porcentaxe de fogares con conexión a Internet contratado, mentres que os fogares das provincias de Lugo e Ourense sitúanse por baixo da media.

G.14. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Os fogares situados nos hábitats máis poboados acadan porcentaxes superiores de contratación de Internet, por riba do 88% nos concellos de máis de 20.000 habitantes.

G.15. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

En liña cos datos anteriores, nas áreas circundantes ás grandes cidades da provincia da Coruña é onde maior porcentaxe de fogares con Internet contratado se observa, un 89,2% na área de Santiago e un 88,2% na área da Coruña.


G.16. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

G.17. MAPA DE FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

No caso de fogares con Internet contratado nos sete concellos de maior poboación, destacan os concellos da Coruña, Santiago e Vigo, con porcentaxes iguais ou superiores ao 90%.

G.18. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Tamén o número de persoas que residen no fogar repercute na contratación de Internet, sendo os fogares de 5 residentes ou máis os que posúen a maior porcentaxe de contratación (99,0%). Nos fogares unipersoais, a porcentaxe de acceso a Internet contratado é do 68,8%, moi relacionado cos fogares habitados por persoas maiores exclusivamente.

G.19. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A renda familiar é un factor que reflicte de xeito considerable na maior contratación de Internet, cun 99,2% de fogares con altos ingresos (máis de 3.500 euros) con Internet contratado.

G.20. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A convivencia con nenos/as en idade escolar (dos 3 aos 16 anos) tamén incide nunha maior contratación de Internet, acadando unha porcentaxe do 99,0%, e reducíndose en 17,6 puntos porcentuais na aqueles fogares onde non residen nenos en etapa escolar.

G.21. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

En canto á velocidade de conexión a Internet contratada, o 51,8% dos fogares contan cunha velocidade de 1 a 30 Mbps., seguida do 35,0% dos fogares con conexión de 30 a 100 Mbps., e finalmente o 13,1% dos fogares que contan cunha velocidade superior aos 100 Mbps.

G.22. VELOCIDADE DE CONEXIÓN NOS FOGARES

Fogares segundo a súa velocidade de conexión


(% sobre o total de fogares con conexión a Internet onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA-IGE

O 48,1 % dos fogares galegos contan cunha velocidade de Internet contratada superior aos 30 Mbps., o que supón un notable incremento respecto ao ano 2016, amosando a rápida evolución de velocidade nos fogares galegos.

G.23. VELOCIDADE DE CONEXIÓN SUPERIOR AOS 30 MBPS NOS FOGARES




Base: fogares con conexión a Internet
Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

G.24. EVOLUCIÓN DO INDICADOR 2016-2018

Fogares con velocidade de conexión superior aos 30 Mbps

(% sobre o total de fogares con conexión a Internet onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE

Os principais motivos que alegan os fogares galegos para non dispoñer de Internet nos seus fogares é a percepción da falta de necesidade ou utilidade, con valores superiores ao 50%. Destaca tamén a falta de coñecementos para usalo, citada por un 38% dos fogares.

G.25. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO

(% sobre o total de fogares sen conexión a Internet)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Na análise por provincias destaca o feito de que nas de Ourense e de Pontevedra é onde resulta máis frecuente que os usuarios non contraten acceso a Internet na súa vivenda porque consideran que non o necesitan, en porcentaxes iguais o u superiores ao 60%.

C.1. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A PROVINCIA

MOTIVACIÓNS	PROVINCIA (%)				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Non o necesitan	55,1	51,9	67,3	60,7	58,6
Non o queren	49,9	60,1	56,0	47,4	51,7
Non lles resulta útil	30,4	40,9	26,7	32,9	31,9
Non o coñecen	25,6	46,8	19,2	38,0	30,9
Teñen poucos coñecementos para usalo	39,7	42,3	29,3	40,4	38,3
Custos altos do equipamento	9,6	14,8	6,0	26,3	14,5
Custos altos de conexión	13,0	15,1	10,2	28,3	17,2
Téñeno noutro lugar	1,3	1,8	2,5	1,8	1,8
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	0,5	3,9	1,5	1,6	1,5

Base: fogares sen conexión a Internet
Fonte: OSIMGA + IGE (2018)


O menor nivel de ingresos no fogar provoca que os custos, tanto de conexión como de equipamento, sexan os motivos máis sinalados para non dispoñer de conexión a Internet contratado.

C.2. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

MOTIVACIÓNS	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)						Total (%)
	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	
Non o necesitan	37,8	60,4	59,9	66,7	72,9	47,7	58,6
Non o queren	41,4	53,9	51,5	56,9	51,5	43,7	51,7
Non lles resulta útil	23,9	33,4	32,8	35,4	31,4	---	31,9
Non o coñecen	25,6	34,0	32,4	27,9	24,2	40,9	30,9
Teñen poucos coñecementos para usalo	33,5	41,7	37,5	38,2	41,5	18,9	38,3
Custos altos do equipamento	31,9	15,0	12,0	7,3	7,4	3,6	14,5
Custos altos de conexión	38,5	17,3	14,1	9,2	9,1	3,6	17,2
Téñeno noutro lugar	2,1	1,4	1,9	1,9	1,2	2,0	1,8
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	0,3	1,5	2,2	0,8	2,6	---	1,5

Base: fogares sen conexión a Internet
Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

III. PERSOAS QUE UTILIZARON OS DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS TRES ÚLTIMOS MESES


A photograph of a wooden desk with various electronic devices and office supplies. On the right is a silver laptop with a visible keyboard. In the center is a black Samsung tablet. To the left of the tablet is a black Samsung smartphone. Above the tablet are several colorful sticky notes and two pens, one red and one green. A semi-transparent text box is overlaid on the bottom right of the image.

➡ O 81,7% dos galegos utilizaron algún tipo de dispositivo electrónico nos últimos tres meses

III. Persoas que utilizaron os dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

Respecto ao ano 2017, a porcentaxe de persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses incrementouse nun 1,7%, situando o indicador no 81,7%


G.26. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS TRES ÚLTIMOS MESES



G.27. EVOLUCIÓN DO INDICADOR¹

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses. Evolución Galicia

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




¹ No ano 2017 produciuse un cambio metodolóxico neste indicador, incluíndo tamén o uso de Smartphone

O uso de dispositivos electrónicos non rexistra diferenzas con respecto ao sexo.

G.28. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A distancia entre os usuarios máis novos e de maior idade respecto ao uso de dispositivos electrónicos por parte do conxunto da poboación é significativa, acadando o 99,5% de utilización nos de 16 a 24 anos fronte ao 39,7% no tramo de idade de 65 a 74 anos.

G.29. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O incremento na formación incide directamente no uso do ordenador entre a poboación galega, de modo que a porcentaxe de usuarios de dispositivos electrónicos sitúase sempre por riba do 90% entre as persoas con educación secundaria ou superior.

G.30. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Estudantes e ocupados constitúen o grupo ocupacional que máis utiliza o ordenador e os móbiles, mentres que os xubilados/as úsano en valores próximos ao 40%.

G.31. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

As provincias da Coruña e Pontevedra sitúanse por riba da media galega no uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses.

G.32. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O tamaño do hábitat afecta directamente a este indicador, acadando a súa maior porcentaxe nos concellos de máis de 20.000 habitantes, con valores superiores ao 85%.

G.33. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

As áreas da Santiago (88%), A Coruña (86,8%) e Vigo (86,8%) son as que contan con maior proporción de usuarios de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses. En contraposición, a área de Ourense Sur rexistra a porcentaxe máis baixa de uso de ordenador e móbiles, cun 60,9%.



G.34. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

G.35. MAPA DE PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Considerando a información dos concellos con maior poboación de Galicia, Ferrol é o que conta cun maior uso de dispositivos electrónicos, cun 90,4. En todos os casos, os grandes concellos de Galicia superan á media autonómica (81,7%).

G.36. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

As persoas que conviven en fogares de catro membros son os que contan cun maior uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses, cun 90,8%, seguido dos fogares de cinco ou máis membros, que acadan o 84,4%.

G.37. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O nivel de ingresos no fogar afecta de maneira directa ao uso de dispositivos electrónicos, sendo as persoas que conviven nos fogares cun maior nivel de ingresos os que rexistran un maior nivel de uso do ordenador nos últimos tres meses (90,1%).

G.38. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A presenza de nenos en idade escolar obrigatoria no fogar tamén incide claramente no uso do ordenador por parte dos residentes, superando en 16,2 puntos porcentuais aos fogares onde non conviven nenos/as.

**G.39. PERSOAS QUE UTILIZARON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES
SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS**



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

IV PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES




Os usuarios de Internet nos últimos tres meses en Galicia incrementáronse en 9,4 puntos porcentuais respecto ao ano 2015.

IV. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Un ano máis, os datos amosan un crecemento do número de internautas galegos/as, acadando xa o 80,1% da poboación galega de 16 a 74 anos e experimentando un crecemento de case 10 puntos porcentuais respecto ao ano 2015.

G.40. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS TRES ÚLTIMOS MESES



No período 2015-2018, a evolución de persoas que utilizaron Internet nos tres últimos meses en Galicia é superior ao crecemento estatal e europeo. Así, Galicia incrementou o uso de Internet nos últimos tres meses nun 13,3% dende o ano 2015, fronte ao 9,4% do conxunto de España e o 6,2% da Unión Europea.


G.41. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA

Crecemento no período 2015 - 2018




Galicia: 13,3%. España: 9,4%. UE: 6,2%

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA+IGE (2015-2018)


Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A idade continua a ser unha variable que afecta de xeito directo ao uso de Internet, observándose que a menor idade maior uso da Rede, acadando niveis de uso do 99,2% nas idades máis temperás. A comparativa entre Galicia e España amosa que, ata os 44 anos, Galicia converxe coa media estatal e mesmo a supera lixeiramente entre os 16 e os 24 anos.


G. 42. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O GRUPO DE IDADE



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)– INE 2018

A fenda de xénero respecto ao uso de Internet entre os galegos e galegas reduciuse no último ano, pasando de ser de 0,7 puntos, a tan só 0,3 puntos porcentuais. Isto reflicte un crecemento importante do uso de Internet durante os últimos tres meses entre as mulleres galegas, concretamente dende o ano 2016, aumentou en 7,4 puntos fronte aos 4,7 puntos de incremento entre os homes.


G. 43. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O SEXO



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)


Diagnóstico 2018. A Sociedade da Información nos fogares galegos

Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE (2015-2018)

Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Evolución Galicia
(% sobre homes de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA+IGE (2015-2018)

Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Comparación Galicia, España e UE
(% sobre homes de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

O nivel formativo incide nunha maior porcentaxe de utilización de Internet, de xeito que a partir da Educación Secundaria ou ensinanzas superiores, o uso de Internet supera o 94%.

G. 44. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A análise en base á situación laboral indica que estudantes e ocupados son os colectivos que máis utilizaron Internet nos últimos tres meses..

G. 45. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A Coruña e Pontevedra son as provincias que acadan un maior uso de Internet nos últimos tres meses, superando ambas as dúas a media autonómica.

G. 46. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O uso de Internet continúa a incrementarse en todos os tipos de hábitat analizados, estando especialmente estendido nos concellos de máis de 50.000 habitantes, onde supera amplamente a media galega e acada unha porcentaxe do 87,5%. Cabe salientar, especialmente, o incremento de 8,9 puntos porcentuais no uso de Internet experimentado polos concellos de 10.001 a 20.000 habitantes nos tres últimos anos analizados.

G.47. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Respecto ás áreas xeográficas que posúen maior porcentaxe de usuarios de Internet, salientar as áreas metropolitanas da Coruña (85%), Santiago (86,9%) e Vigo (85%). No extremo contrario, sitúanse as áreas de Ourense Sur, O Carballiño-Ribeiro, Lugo Oriental, Ourense Central e a área da Costa da Morte con porcentaxes que non acadan o 70%.



G.48. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

G.49. MAPA DE PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A ÁREA




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Todos os grandes concellos de Galicia superan a media autonómica, sendo o concello da Coruña, cun 90,5%, o que rexistra a maior porcentaxe de usuarios de Internet nos últimos tres meses.

G.50. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A maior porcentaxe de usuarios de Internet sitúase nos fogares de 4 membros, onde se rexistra o máximo de 90,2% de usuarios/as.

G. 51. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O nivel de ingresos no fogar tamén constitúe un indicador determinante á hora de utilizar a Rede, e nos fogares con rendas superiores a 1.800 € comeza a superarse a media autonómica.

G. 52. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A convivencia con nenos en idade escolar incide de xeito significativo nun maior uso de Internet, cunha diferenza de 18,2 puntos porcentuais entre os fogares con nenos en idade escolar e naqueles que non residen rapaces.

G.53. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Frecuencia de uso de Internet


Entre os galegos/as que utilizaron Internet nos últimos tres meses, un 84,2% fano a diario e un 13,3% todas as semanas, en porcentaxes superiores á media estatal.

G.54. FRECUENCIA DE USO DE INTERNET



Base: total de persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
Fonte: OSIMGA + IGE (2018); INE (2018)

V. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET




👉 Nos últimos tres anos, as compras a través de Internet incrementáronse en Galicia un 24,3%

V. Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet


O 46,6% dos internautas galegos adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet, o que supón un incremento de 2,1 puntos porcentuais no último ano.

G.55. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET



Base: total de persoas que usaron Internet no último ano
Fonte: OSIMGA + IGE (2018)


G.56. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA



Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet

Evolución Galicia

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA+IGE (2015-2018)

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet

Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

A compra a través da Rede nos tres últimos meses non amosa diferenzas significativas en función do sexo.

G.57. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO O SEXO

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Son os mozos con idades comprendidas entre os 25 e 34 anos os que acadan unha maior porcentaxe de compra a través de Internet, concretamente, o 77,3% afirmaron comprar algún ben ou servizo a través da rede nos tres últimos meses. En segundo lugar, sitúase a mocidade de 16 a 24 anos, seguidos dos de 35 e 44 anos (68,7% e 67,8% respectivamente).

G. 58. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO O GRUPO DE IDADE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O nivel de estudos é tamén unha variable que afecta de maneira proporcional á porcentaxe de compra a través de Internet, superando o 70% no caso de persoas con graos universitarios ou estudos superiores.

G. 59. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

As persoas estudantes e os ocupados son os segmentos da poboación que rexistran unha maior porcentaxe de compra a través da rede. Entre as persoas xubiladas, con algún tipo de discapacidade ou as dedicadas ás tarefas do fogar, non se acada a media autonómica.

G.60. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A Coruña e Pontevedra son as provincias galegas que acadan unha maior porcentaxe de compradores a través de Internet.

G. 61. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Os hábitats con maior número de habitantes son os que acadan as porcentaxes máis altas de compras de bens ou servizos a través de Internet, superando a media autonómica no caso dos hábitats de máis 20.001 habitantes.

G.62. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

As áreas de Santiago e A Coruña, son as que acadan unha maior porcentaxe neste indicador, cun 57,9% e 55,2% respectivamente.



G.63. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet no último ano)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

**G.64. MAPA DE PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS
TRES ÚLTIMOS MESES SEGUNDO A ÁREA**




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

En canto á análise dos sete grandes concellos, destacan Santiago e Ferrol cun 62% e 61,1% respectivamente.

G.65. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A maior número de persoas no fogar maior porcentaxe de compra a través da Rede, ata acadar os fogares de 5 membros ou máis, onde o indicador diminúe.

G.66. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Respecto ao nivel de ingresos no fogar, a evolución do indicador é directamente proporcional, acadando o seu valor máximo nos fogares con ingresos superiores a 3.500 euros cun 60,8%.

G. 67. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A presenza de nenos en idade escolar obrigatoria incrementa a porcentaxe de compradores a través da rede en 10,9 puntos porcentuais respecto aos fogares que non contan con menores de 16 anos.


G.68. PERSOAS QUE ADQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron Internet no último ano)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018)


VI. eADMINISTRACIÓN

- 
- A blurred background image of a man with dark hair and a beard, wearing a light blue shirt, looking down at a desk. On the desk, there are various office supplies including a yellow folder, a green pen, and a blue bottle. The background is out of focus, showing office shelves and a window.
- ☞ Dous de cada tres internautas que interactuaron coas administracións públicas no último ano, o fixeron a través de Internet.
 - ☞ Galicia avantaxa á media estatal e á europea no uso da eAdministración para a descarga de formularios.

VI. eAdministración

No presente capítulo, onde se afonda na relación dos internautas coas AAPP a través da rede, a porcentaxe de galegos que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para obter información de diverso tipo foi do 66,3% no ano 2018.

G.69. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES PARA OBTEN INFORMACIÓN (meteorolóxica, teléfonos, enderezos, horarios, calendarios, boletíns oficiais, trámites...)




Base: Total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses e realizaron xestións coas AAPP
Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O uso de Internet para interactuar coas administracións co fin de obter información en Galicia continúa a superar os valores estatais e europeos.


A descarga de formularios a través de Internet durante os últimos 12 meses incrementouse nun 4,3% durante o 2018 en Galicia, acadando o 64,9%.

G.70. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES PARA DESCARGAR FORMULARIOS (modelos de formularios, exemplos de documentos, descargar Diarios Oficiais...)



Base: total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses e realizaron xestións coas AAPP
Fonte: OSIMGA + IGE (2018)


G.71. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA



Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para descargar formularios

Evolución Galicia

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




Fonte: OSIMGA+IGE (2015-2018)

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce para descargar formularios

Comparación Galicia, España e UE


(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

O 64,9% das persoas que utilizaron Internet nos últimos 12 meses e realizaron xestións coa Administración enviaron formularios cumprimentados a través da Rede, acadando un crecemento de algo máis de catro puntos porcentuais.

G.72. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES PARA ENVIAR FORMULARIOS CUMPRIMENTADOS INCLUINDO A COBERTURA “ON LINE”




Base: total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses e realizaron xestións coas AAPP
Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

En relación ao envío de formularios cumprimentados, como pedir unha cita médica, presentar a declaración da renda ou o pago de taxas e multas, o 63,6% dos galegos/as que utilizaron Internet no último ano tivo feito esta xestión coa Administración de modo electrónico.

G.73. PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES PARA DESCARGAR DOCUMENTOS XERADOS POLAS ADMINISTRACIÓNS A PETICIÓN DO CIDADADÁN

(notificacións, certificados, resgardos de presentacións ou pagamento, títulos, resolucións, autorizacións, outros documentos nas carpetas electrónicas do cidadán...)



Base: total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses e realizaron xestións coas AAPP
Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

No referente a interacción coas AAPP a través da rede para descargar documentos xerados polas propias administracións a petición do cidadáns, acadase un 36%, sendo o tipo de interacción menos popular entre os galegos.

A provincia de Ourense rexistra a maior porcentaxe de internautas que interactuaron coas Administracións Públicas utilizando Internet, aínda que as diferenzas interprovinciais non son demasiado acusadas.

C.3. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO A PROVINCIA

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	PROVINCIA (%)				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Para obter información	67,7	64,2	67,6	64,9	66,3
Para descargar formularios oficiais	66,5	62,0	66,8	63,2	64,9
Para enviar formularios cumprimentados	65,8	60,0	65,9	61,4	63,6
Para descargar documentos persoais	37,8	37,9	35,9	33,3	36

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses e realizaron xestións coas AAPP

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

En termos xerais, o tamaño de hábitat inflúe na interacción coas Administracións Públicas a través de Internet, incrementándose esta a medida que o fai o número de habitantes.

C.4. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	TAMAÑO DE HÁBITAT (%)					Total (%)
	Ata 5.000 hab.	De 5.001 a 10.000 hab.	De 10.001 a 20.000 hab.	De 20.001 a 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	
Para obter información	57,9	61,9	64,2	66,2	71,2	66,3
Para descargar formularios oficiais	55,3	60,7	61,0	64,4	70,9	64,9
Para enviar formularios cumprimentados	54,4	59,6	58,6	63,4	69,8	63,6
Para descargar documentos persoais	29,7	33,8	38,2	28,8	40,9	36,0

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses e realizaron xestións coas AAPP

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O volume total de ingresos tamén é unha variable que inflúe de xeito significativa na porcentaxe de persoas que interaccionan electrónicamente coas Administracións Públicas, aumentando de xeito proporcional en todos os trámites a medida que se incrementan os ingresos do fogar.

C.5. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)						Total (%)
	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	
Para obter información	53,7	50,1	61,9	64,9	72,6	76,4	66,3
Para descargar formularios oficiais	52,1	50,1	61,0	63,7	70,6	74,0	64,9
Para enviar formularios cumprimentados	50,3	47,6	59,7	62,6	69,3	73,1	63,6
Para descargar documentos persoais	23,9	26,4	31,9	34,4	39,7	45,6	36,0

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses e realizaron xestións coas AAPP

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A presenza de nenos/as no fogar incrementa a interacción das persoas coas AAPP a través de Internet, aínda que a diferenza de porcentaxes non é tan significativa como noutros indicadores.

C.6. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	CONVIVENCIA CON NENOS / AS ESTUDANTES (%)		Total (%)
	Con nenos /as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Para obter información	72,0	63,9	66,3
Para descargar formularios oficiais	70,3	62,5	64,9
Para enviar formularios cumprimentados	68,1	61,7	63,6
Para descargar documentos persoais	39,9	34,3	36,0

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses e realizaron xestións coas AAPP

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Atendendo ao xénero, a interacción coas Administracións Públicas non amosa diferenzas significativas entre homes e mulleres.

C.7. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O SEXO

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	SEXO (%)		Total (%)
	Home	Muller	
Para obter información	66,5	66,1	66,3
Para descargar formularios oficiais	64,7	65,1	64,9
Para enviar formularios cumprimentados	63,8	63,5	63,6
Para descargar documentos persoais	36,7	35,5	36,0

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses e realizaron xestións coas AAPP

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Segundo á idade, obsérvase que a menor idade maior interacción coas AAPP, superando dunha maneira notable a media galega entre os menores de 44 anos.

C.8. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO IDADE

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Para obter información	86,5	79,1	72,5	60,2	49,6	36,9	66,3
Para descargar formularios oficiais	82,0	77,9	71,4	58,7	48,8	37,5	64,9
Para enviar formularios cumprimentados	78,9	77,1	69,7	57,6	48,1	37,5	63,6
Para descargar documentos persoais	44,9	44,1	41,7	32,2	26,0	15,8	36,0

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses e realizaron xestións coas AAPP

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A formación é, unha vez máis, un factor que inflúe positivamente na interacción coas Administracións Públicas, con independencia do trámite analizado: a maior nivel de estudos, maior é o uso de Internet para estas cuestións.

C.9. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	NIVEL DE ESTUDOS (%)									Total (%)
	Sen estudos	E. Prima	1ª etapa de E.Sec.	2ª etapa de E.Sec.	E. Postsecundaria	FP	Graos uni. de 240 créd	Graos uni. >240 créd	Doutorado	
Para obter información	15,2	39,2	48,7	71,4	51,3	77,6	80,7	86,3	92,0	66,3
Para descargar formularios oficiais	21,0	37,5	46,2	70,0	51,3	76,9	79,4	86,6	91,3	64,9
Para enviar formularios cumprimentados	21,0	40,2	45,4	68,3	51,3	74,7	77,5	85,5	91,6	63,6
Para descargar documentos persoais	7,7	16,6	20,9	36,2	33,8	44,0	52,0	58,3	65,8	36,0

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses e realizaron xestións coas AAPP
Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

En canto á ocupación, son estudantes e ocupados os grupos que acadan maiores porcentaxes de interacción coas Administracións Públicas a través de Internet.

C.10. TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

TIPOS DE INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	OCUPACIÓN (%)						
	Ocupado	Parado	Xubilado	Persoas con discapacidade	Tarefas do fogar	Estudando	Total (%)
Para obter información	69,8	64,7	43,3	42,1	45,5	89,2	66,3
Para descargar formularios oficiais	68,3	64,0	43,8	42,6	43,5	84,9	64,9
Para enviar formularios cumprimentados	67,3	62,0	43,6	42,7	42,1	81,7	63,6
Para descargar documentos persoais	39,6	33,5	19,3	18,6	18,8	47,4	36,0

Base: persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses e realizaron xestións coas AAPP
Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Conclusións

A porcentaxe de fogares galegos con Internet contratado ascendeu a 85,6%, o que supón un incremento de 1,5 puntos no último ano

O 85,6% dos fogares galegos contan con Internet, o que supón un incremento de 1,5 puntos porcentuais respecto ao último dato obtido no 2017. Un ano máis, a evolución de fogares con Internet contratado en Galicia é superior a observada a nivel estatal e europeo, acadando un crecemento do 19,7% no período 2015-2018. Cabe salientar que no período 2015-2018, reduciuse a fenda dixital na contratación de Internet respecto á media europea en 8,1 puntos porcentuais

En canto á velocidade de conexión a Internet contratada, o 51,8% dos fogares contan cunha velocidade de 1 a 30 Mbps, seguida do 35% dos fogares con conexión de 30 a 100 Mbps, e finalmente o 13,1% dos fogares que contan cunha velocidade superior aos 100 Mbps. En termos evolutivos, o 48,1% dos fogares galegos contan cunha velocidade de Internet contratada superior aos 30 Mbps, o que supón un incremento do 45,6% respecto ao ano 2016, amosando a rápida evolución de velocidade nos fogares galegos.

Respecto á análise da utilización de Internet, a porcentaxe de usuarios de Internet nos últimos tres meses incrementouse en Galicia 1,7 puntos respecto ao ano anterior e sitúase no 80,1%. No período 2015-2018, a evolución de persoas que utilizaron Internet nos tres últimos meses en Galicia é superior ao crecemento estatal e europeo. Así, Galicia incrementou o uso de Internet nos últimos tres meses nun 13,3% dende o ano 2015, fronte ao 9,4% do conxunto de España e o 6,2% da Unión Europea. Entre os galegos/as que utilizaron Internet nos últimos tres meses, un 84,2% fano a diario e un 13,3% todas as semanas, en porcentaxes superiores á media estatal.

O uso de Internet continúa a incrementarse en todos os tipos de hábitat analizados, agás nos concellos de menos de 5.000 habitantes. Está especialmente estendido nos concellos de máis de 50.000 habitantes, onde supera amplamente a media galega e acada unha porcentaxe do 87,5%.

Os factores que inciden principalmente nos indicadores TIC analizados son a idade, o nivel de estudos, a renda familiar e o tamaño do hábitat.

Con independencia do indicador que se estea a analizar, atópanse un denominador común: A influencia de determinados factores e características socio-demográficas na implantación e evolución das TIC en Galicia.

- A menor idade, maior uso da Internet, acadando niveis de uso practicamente universais nas idades máis temperás. A comparativa entre Galicia e España amosa que, ata os 44 anos, Galicia converxe coa media estatal e mesmo a supera lixeiramente entre os 16 e os 34 anos.
- Estudantes, ocupados e con nivel formativo superior á etapa secundaria son os colectivos que máis utilizaron Internet nos últimos tres meses.
- A contratación de Internet é superior nos fogares que contan con nenos/as en idade escolar obrigatoria, superando á media autonómica en 13,4 puntos porcentuais.
- Os fogares situados nos hábitats máis poboados acadan porcentaxes superiores de contratación de Internet, por riba do 88% nos concellos de máis de 20.000 habitantes.
- O número de persoas no fogar novamente afecta de maneira positiva á contratación de Internet, superando o 92% de fogares con Internet contratado nas vivendas de 3 ou máis membros.

INDICADORES ADICIONAIS




VII. 1. Dispositivos de acceso a Internet na vivenda

No 98,2% dos fogares galegos utilízase o teléfono móbil para acceder a rede, seguido en segundo lugar do ordenador portátil, que o usa o 65,8% dos fogares galegos para conectarse a Internet.

G.74. DISPOSITIVOS DE ACCESO

(% sobre o total de persoas)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

VII. 2. Telefonía móbil

O 94,5% dos galegos e galegas usan móbil, ben sexa persoal, proporcionado pola empresa na que traballa, ou ambas situacións.

G.75. USO DO MÓBIL

(% sobre o total de persoas)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

Os usos máis estendidos do móbil entre aqueles persoas que posúen un é para facer chamadas persoais ou de traballo (98,3%), conectarse a Internet (82,6%), enviar mensaxes persoais ou de traballo (76,9%) e sacar fotos (75,2%)

G.76. FINALIDADE DE USO DO MÓBIL


(% sobre persoas que usan móbil)



Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

VII. 3 . Usos de dispositivos electrónicos


O 65% dos galegos e galegas usaron tablet ou ordenador no último mes, e máis do 69% o fixeron no último ano. Na banda contraria estarían os que nunca usaron tablet ou ordenador (24,6%).



O uso máis estendido da tablet ou do ordenador, entre os que usaron estes dispositivos nos últimos tres meses, foi para conectarse a Internet (95,5%). Outros usos menos frecuentes son para traballar ou usalo profesionalmente (40,2%), para utilizalo de xeito persoal ou doméstico mediante ferramentas ofimáticas (43,5%) ou con ferramentas multimedia (39,3%).

G.78. FINALIDADE DE USO DA TABLET OU DO ORDENADOR

(% sobre persoas que usaron a tablet ou o ordenador nos últimos tres meses)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

VII. 4 . Usos de servizos de Internet

A procura de información sobre bens ou servizos é o uso máis destacado de Internet entre os galegos e galegas que utilizaron a Rede nos últimos tres meses (84,4%) seguido, moi de cerca, pola recepción e envío de correos electrónicos (77,7%). Outros usos destacados son acceder á prensa dixital (59,6%), banca electrónica (58,9%), escoitar radio/música ou ver TV/vídeos online (49,6%), procura de información sobre viaxes (46,7%) ou usar espazo de almacenamento para gardar ficheiros, imaxes, música... (46,5%)

G.79. USO DE SERVICIOS DE INTERNET CON FINES PERSOAIS

(% sobre persoas que usaron Internet nos últimos tres meses)




VII. 5 . Redes Sociais

Centrarémonos agora na participación en redes sociais e naquelas máis predominantes entre os usuarios. A porcentaxe de persoas que participaron en redes sociais nos últimos tres meses é do 76,5% do total de poboación de 16 a 74 anos.

G.80. PARTICIPOU EN REDES SOCIAIS NOS ULTIMOS 3 MESES

(% sobre o total de persoas)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

Se falamos das principais redes sociais nas que os galegos e as galegas participan, ás orientadas á comunicación e a intercambio de mensaxes (Whatsapp, Telegram, Skype...) foron as máis utilizadas nos últimos tres meses (97,5%); Facebook, Twitter, Google + que poderían considerarse redes de tipo xeneralista, foron utilizadas nos últimos tres meses por un 68,1% das persoas; as redes sociais de contidos específicos (Instagram, Pinterest e outras) son seguidas por un 47,3%.

G.81. REDES SOCIAIS OU FERRAMENTAS QUE EMPREGOU PARA A SÚA XESTIÓN NOS ÚLTIMOS 3 MESES

(% sobre persoas que participaron en redes sociais nos últimos 3 meses)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

A actividade máis estendida en redes sociais por aqueles galegos e galegas que utilizaron as devanditas plataformas nos últimos tres meses é a de chatear e ou enviar mensaxes (99,3%); compartir / ver vídeos ou música é o seguinte servizo, sendo utilizado polo 63,1% das persoas. Outros usos menos demandados son adquirir coñecementos (45,1%), estar ao día do que fan os/as coñecidos/as (44,6%) ou comentar a actualidade ou publicar contidos (39,9%)

G.82. ACTIVIDADES QUE REALIZOU NAS REDES SOCIAIS


(% sobre persoas que usaron redes sociais nos últimos tres meses)



Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

VII. 6 . Aplicacións móbiles


Sobre o uso de aplicacións nos dispositivos móbiles, un 94,5% das persoas que usaron Internet nos últimos tres meses empregan aplicacións nos seus dispositivos móbiles; un 0,2% non empregan aplicacións porque non teñen dispositivo móbil e un 5,3% non as empregan por outras razóns.



Se falamos das principais aplicacións para dispositivos móbiles, as máis destacadas son as empregadas para o uso de redes sociais de todo tipo (Facebook, WhatsApp...). Un 95,6% das persoas que empregaron Internet nos últimos 3 meses utilizan aplicacións deste tipo. Un 71% das persoas usan aplicacións para a predición meteorolóxica e máis da metade (53,6%) empregan tamén aplicacións para xestión de operacións de banca electrónica. No bando contrario, entre as aplicacións menos empregadas por aqueles e aquelas que empregan este tipo de desenvolvementos informáticos, figuran as de loterías, apostas e xogos de azar (3%).

G.84. APLICACIÓNS MOBILES EMPREGADAS NOS ÚLTIMOS TRES MESES

(% sobre persoas que empregaron aplicación nos seus dispositivos móbiles nos últimos 3 meses)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

En canto a modalidade de aplicacións que se empregan, a gratuidade é a característica principal, acadando unha porcentaxe de uso do 95,5%, en segundo lugar atoparíanse as persoas que utilizan tanto gratuítas como de pago (4,3%) e finalmente as persoas que utilizan unicamente aplicacións de pago que supón un 0,2%.

G.85. TIPO DE APLICACIONES QUE EMPREGA

(% sobre persoas que empregaron aplicación nos seus dispositivos móbiles nos últimos 3 meses)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

VII. 7 . Formación en novas tecnoloxías

A continuación analizaremos a porcentaxe de persoas que realizaron algunha actividade formativa sobre as tecnoloxías da información e da comunicación. Nesta primeira gráfica podemos observar que 21,2% das persoas realizaron algunha actividade formativa sobre as TICS nos últimos 12 meses.

G.86. ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ULTIMOS 12 MESES

(% sobre o total de persoas)



Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

Non se aprecian diferencias significativas entre homes e mulleres na realización de actividades formativas sobre as TIC:

C.11. ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ULTIMOS 12 MESES SEGUNDO O SEXO

ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES	SEXO (%)		Total (%)
	Homes	Mulleres	
Si	21,4	21,1	21,2
Non	78,6	78,9	78,8

Base: sobre o total de persoas

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

As con idades comprendidas entre os 45 e os 54 anos son as que, en maior medida, asistiron a actividades relacionadas coas TIC no último ano (24,4%). No lado contrario figuran os maiores de 65 anos e as persoas máis novas (17,8% e 19,3% respectivamente)

C.12. ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES SEGUNDO IDADE

ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES	IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Si	19,3	21,1	20,2	24,4	21,8	17,8	21,2
Non	80,7	78,9	79,8	75,6	78,2	82,2	78,8

Base: sobre o total de persoas

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O nivel de estudos incide de maneira positiva na realización de formación das TIC, acadando un 30,3% de persoas con estudos de graos universitarios superiores a 240 créditos que fixeron algún tipo de formación relacionada coas TIC nos últimos 12 meses. Pola contra, atopamos que o 100% das persoas sen estudos non realizaron un curso destas características no último ano.

C.13. . ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES	NIVEL DE ESTUDOS (%)									Total (%)
	Sen estudos	E. Prima	1ª etapa de E.Sec.	2ª etapa de E.Sec.	E. Postsecundaria	FP	Graos uni. de 240 créd	Graos uni. >240 créd	Doutorado	
Si	0,0	13,7	15,2	18,6	17,9	21,2	27,7	30,3	26,4	21,2
Non	100,0	86,3	84,8	81,4	82,1	78,8	72,3	69,7	73,6	78,8

Base: sobre o total de persoas

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

As taxas máis altas de asistencia a este tipo de formacións a teñen os ocupados, os parados e as persoas noutra situación (22,1%, 22,1% e 32,1% respectivamente); pola contra, o colectivo que menos cursos de formación realizan son os perceptores de pensión distintas a xubilación e as persoas ocupadas nas tarefas do fogar, cunhas porcentaxes arredor do 13%.

C.14. ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES	SITUACIÓN SOCIO-LABORAL (%)								Total (%)
	Ocupado	Parado	Xubilado	Incapacitado	Tarefas do fogar	Estudando	Perceptor de pensión distinta da xubilación	Outra situación	
Si	22,1	22,1	19,9	19,4	13,0	19,3	13,1	32,1	21,2
Non	77,9	77,9	80,1	80,6	87,0	80,7	86,9	67,9	78,8

Base: sobre o total de persoas

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Segundo a provincia, Pontevedra é onde máis porcentaxe de asistencia existe. Pola contra atopamos a provincia de Lugo, onde un 16,8% dos seus habitantes non asistiron a formacións destas características nos últimos 12 meses.

C.15 . ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES SEGUNDO A PROVINCIA

ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES	PROVINCIA (%)				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Si	21,9	16,8	17,8	22,8	21,2
Non	78,1	83,2	82,2	77,2	78,8

Base: sobre o total de persoas

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O hábitat é outro factor que afecta directamente ao indicador de formación: a maior poboación, maior porcentaxe de asistencia a actividades formativas.

C.16. ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES	TAMAÑO DE HÁBITAT (%)					Total (%)
	Ata 5.000 hab.	De 5.001 a 10.000 hab.	De 10.001 a 20.000 hab.	De 20.001 a 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	
Si	17,3	16,6	18,2	15,1	27,0	21,2
Non	82,7	83,4	81,8	84,9	73,0	78,8

Base: sobre o total de persoas

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Dos sete concellos máis grandes de Galicia destacan o concello da Coruña pola súa maioritaria participación en cursos de formación no último ano, acadando un 36,5%. A case oito puntos porcentuais estaría o concello de Pontevedra (28,4%). As persoas menos participativas en cursos relacionados coas TIC son os e as residentes en Ferrol (17,5%).

C.17 . ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES	7 CONCELLOS DE GALICIA (%)							Total (%)
	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	
Si	36,5	17,5	21,2	21,1	20,4	28,4	26,2	21,2
Non	63,5	82,5	78,8	78,9	79,6	71,6	73,8	78,8

Base: sobre o total de persoas

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Os fogares que máis actividades formativas sobre as tecnoloxías da información e a comunicación realizaron nos últimos 12 meses son os compostos por unha soa persoa.

C.18 . ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES	NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR (%)					Total (%)
	Fogares de 1 membro	Fogares de 2 membros	Fogares de 3 membros	Fogares de 4 membros	Fogares de 5 ou máis membros	
Si	27,0	22,2	20,9	21,6	15,6	21,2
Non	73,0	77,8	79,1	78,4	84,4	78,8

Base: sobre o total de persoas

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O nivel de ingresos no fogar volta a ser unha vez máis unha característica que afecta o noso indicador, aumentando a proporción de persoas que acudiron a algún tipo de formación sobre TIC a medida que aumenta a renda no fogar, acadando as maiores proporcións nos fogares con rendas superiores a 3.500 €.

C.19. ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)						Total (%)
	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	
Si	15,7	20,3	18,7	20,6	18,4	27,4	21,2
Non	84,3	79,7	81,3	79,4	81,6	72,6	78,8

Base: sobre o total de persoas

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Tal e como podemos observar na táboa, aínda que as diferenzas non son moi significativas, nos fogares nos que se convive con nenos/as en idade escolar obrigatoria, existe un maior índice de afluencia a actividades formativas sobre as tecnoloxías da información e a comunicación.

C.20. ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES	CONVIVENCIA CON NENOS / AS ESTUDANTES (%)		Total (%)
	Con nenos /as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Si	21,5	21,1	21,2
Non	78,5	78,9	78,8


Base: sobre o total de persoas

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

En canto ao tipo de formación relacionada coas tecnoloxías da información e a comunicación, o 69% das persoas que recibiron este tipo de aprendizaxe foi de xeito autodidacta ou ben, gratuíto 'on line'. A unha distancia importante, o 19,1% recibiron formación gratuíta impartida por programas públicos ou organizacións distintas do empregador e o 18,2% recibiu formación no posto de traballo con compañeiros ou supervisores.

G.87. TIPO DE FORMACIÓN RELACIONADA SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES

(% sobre persoas que asistiron a actividades formativas sobre as tecnoloxías da información e a comunicación no último ano)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

VII. 8 . Ciberseguridade e protección na Rede

A continuación analizaremos a porcentaxe de persoas que sufriron algún incidente de seguridade en Internet no último ano. Nesta primeira gráfica podemos observar que 28,5% das persoas que usaron Internet nos últimos 12 meses padeceron algún incidente de seguridade mentres navegaban.

G.88. SUFRIU ALGUN INCIDENTE DE SEGURIDADE EN INTERNET NOS ULTIMOS 12 MESES

(% sobre o total de persoas que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

O incidente de seguridade en Internet máis significativo sufrido nos últimos 12 meses foi o spam (82,3%) seguido a moita distancia (20%) polos ataques de virus e/ou software malicioso e, finalmente pola perda involuntaria de información (13,3%)

G.89. TIPO DE INCIDENTE DE SEGURIDADE SUFRIDO EN INTERNET NOS ULTIMOS 12 MESES

(% sobre persoas que sufriron algún incidente de seguridade en Internet no último ano)



Fonte: OSIMGA+IGE (2018)


Diagnóstico 2018. Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia

Os datos persoais como nome, data de nacemento, número do DNI, así como información de contacto (endereço, número de teléfono, email...) constitúen a información persoal máis proporcionada por Internet por aqueles galegos e galegas que navegaron pola rede nos últimos 12 meses. Cadanseu tipo de información é proporcionada, respectivamente por un 62,8% e un 62,7%.

Detalles de financiamento (números de tarxetas ou contas bancarias) foron proporcionados por un 51,3% das persoas; outro tipo de información persoal (fotos, localización, ocupación actual, foi fornecida por un 36,5% das persoas que navegaron por Internet no último ano.

G.90. INFORMACIÓN PERSOAL PROPORCIONADA A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS 12 MESES

(%sobre o total de persoas que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

Un 46,3% dos galegos e galegas que navegaron por Internet nos últimos 12 meses non aplicaron ningunha das accións consideradas para protexer o acceso á súa información persoal. No bando dos que si desenvolveron algunha medida, destaca o 46% que fixeron regularmente copias de seguridade da súa información persoal ou gardaron a devandita información na nube, o 35,4% que denegaron o permiso de uso da información persoal para fins publicitarios e o 34% que limitaron o acceso ao seu perfil ou ao contido nas redes sociais. Un pouco máis lonxe se atopan os que comprobar a seguridade do sitio web onde se solicitaba a información persoal (26,8%) ou os que restrinxir o acceso á súa localización xeográfica (24,1%).

G.91. ACCIÓNS PARA PROTEXER O ACCESO A SÚA INFORMACIÓN PERSOAL EN INTERNET NOS ÚLTIMOS 12 MESES

(%sobre o total de persoas que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

A continuación analizaremos a porcentaxe de persoas que actualizaron algún dos seus produtos de seguridade informática (antivirus, actualizacións do teléfono móbil, etc.) Na seguinte gráfica podemos observar que 57,1% das persoas que usaron Internet nos últimos 12 meses actualizan periodicamente, ben automaticamente ou ben de xeito manual, algún dos seus produtos de seguridade; un 20,1% o fan de xeito ocasional (cando o lembran) e un 22,8% non actualizan ou ben non usan antivirus.

G.92. ACTUALIZACIÓN DOS PRODUTOS DE SEGURIDADE INFORMÁTICA

(% sobre o total de persoas que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

Entre aqueles galegos e galegas que navegaron pola rede nos últimos 12 meses, un 52,3% das mesmas persoas acceden a Internet por unha rede wifi distinta a do seu domicilio.

G.93. ACCEDE A INTERNET POR UNHA REDE WIFI DISTINTA Á DO SEU DOMICILIO

(% sobre o total de persoas que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

Desas persoas que acceden a Internet por unha rede wifi distinta á do seu domicilio, un 40,6% verifícanas e só se conectan a redes que cumpran cuns requisitos mínimos de seguridade. Un 13,9% fan a mesma verificación, aínda que se conectan tanto a redes seguras como a redes sen seguridade. No bando oposto están os que non fan ningún tipo de verificación da seguridade (45,6%).

G.94. VERIFICA QUE A REDE WIFI Á QUE ACCEDE A INTERNET DISTINTA Á DO SEU DOMICILIO CUMPRE CUNS REQUISITOS MÍNIMOS DE SEGURIDADE

(%sobre persoas que accederon a Internet por una rede wifi distinta a do seu domicilio)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

No que atinxe ás medidas de seguridade nos teléfonos móbiles, o 85,5% dos galegos e galegas que usaron Internet no último ano usaron PIN ou patrón de desbloqueo para garantir a seguridade dos seus dispositivos. Ademais disto, un 23,5% empregan a pegada dixital ou outros datos biométricos como medidas de seguridade. Finalmente, un 10,7% dos internautas no último ano non aplicou ningunha das medidas consideradas e un 0,2% dos mesmos non as puxeron en práctica por non ter teléfono móbil.

G.95. MEDIDAS DE SEGURIDADE NO TELEFONO MÓBIL

(% sobre o total de persoas que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

Como escolma final deste apartado sobre seguridade en Internet se ofrecen datos sobre a evolución da preocupación sobre a seguridade na rede entre os internautas galegos e galegas. Un 30,5% deses internautas no último ano manifestan estar máis preocupados que antes sobre a seguridade en Internet, un 65,9% están igual de preocupados que antes e un 3,6% están menos preocupados.

G.96. EVOLUCIÓN DA SÚA PREOCUPACIÓN SOBRE A SEGURIDADE EN INTERNET NO ÚLTIMO ANO

(% sobre o total de persoas que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

VII. 9 . Comercio por Internet

Entre os produtos e servizos adquiridos polos galegos e galegas que fixeron compras por Internet no último ano destacan a roupa e complementos (52,3%), os diversos produtos e servizos relacionados coas viaxes (billetes para medios de transporte, aluguer de coches, hoteis...) (33,5%), roupa e material deportivo (31,7%) e entradas para espectáculos (concertos, museos...) (29,8%). No bando contrario, os produtos e servizos menos demandados por Internet son a participación en apostas, xogos de azar e similares (3,1%) os servizos financeiros (seguros, accións, etc.) (3,9%) e a contratación de servizos de telecomunicacións (4,9%).

G.97. COMPRAS REALIZADAS POR INTERNET

(% sobre persoas que compraron por Internet no último ano)



Razóns de non comprar por Internet

Analizando as principais razóns polas que os galegos non mercaron ningún tipo de ben ou servizo a través de Internet no último ano, atopamos que a principal xustificación para non comprar na rede (cun 68,3%) é que os galegos prefiren comprar en persoa, ver o produto, ser fieis ás tendas e manter os costumes. A segunda xustificación dos galegos para non mercar no último ano por Internet é a falta de necesidade, cun 50,7%.

G.98. RAZÓN DE NON COMPRAR POR INTERNET NO ÚLTIMO ANO

(% sobre persoas que non compraron por Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

Participación en plataformas de economía colaborativa

Un 5,1% dos galegos e galegas que usaron Internet nos últimos 12 meses reservaron algún produto ou servizo procedentes de plataformas de economía colaborativa a través da rede; se falamos daqueles que ofertaron algún produto nas devanditas plataformas no último ano a porcentaxe redúcese ata o 1,4%.

G.99. PARTICIPACIÓN EN PLATAFORMAS DE ECONOMIA COLABORATIVA

(% sobre o total de persoas que usaron Internet no último ano)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

VII. 10 . Administración electrónica

A principal razón dos galegos para non utilizar Internet nas súas xestións coa administración e organismos públicos é a preferencia que senten polo contacto persoal cos funcionarios, acadando un 84,3%. Xa moi lonxe, atopamos como segunda razón para non usar a Rede nas xestións administrativas a falta de coñecemento das persoas para manexarse en Internet, cun 28,2%.

G.100. RAZÓN DE NON USAR INTERNET NAS SÚAS XESTIÓNS COA ADMINISTRACIÓN E ORGANISMOS PÚBLICOS

(% sobre persoas que realizaron xestións coas AAPP, usaron Internet no último ano e non empregaron Internet para xestións coas AAPP)




Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

Proceso realizado por Internet na súa xestión coas Administracións e organismos públicos

A continuación imos analizar os diferentes procesos coa administración electrónica e organismos públicos que os galegos realizaron a través de Internet nos últimos 12 meses. Tal e como podemos observar na táboa, os principais procesos realizados foron as xestións sanitarias, cun 72,8% de realización e tramitación da declaración da renda, cun 50,4%.

G.101. PROCESO REALIZADO POR INTERNET NA SÚA XESTIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS E ORGANISMOS PÚBLICOS

(% sobre persoas que nos últimos 12 meses realizaron xestións coas AAPP por Internet)



Fonte: OSIMGA+IGE (2018)

A seguinte táboa móstranos os tipos de servizos que os usuarios empregaron en cada un dos procedementos realizados coas AAPP a través de Internet. Non destacan especialmente tipos de servizos en función da xestión demandada, cun importante volume de internautas que non só obtivo información, senón que descargou formularios e tamén os enviou.

C.21. PROCESO REALIZADO POR INTERNET NA SÚA XESTIÓN COA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E ORGANISMOS PÚBLICOS

PROCESOS REALIZADOS COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	Tipo de proceso	TOTAL %	Tipo de servizo	TOTAL %
Tramitación da declaración da renda	Tramitación da declaración da renda	50,4	Obter información de páxinas web	50,5
			Descargar formularios oficiais	51,0
			Formularios cubertos	52,0
			Non necesitou/empregou Internet	49,6
	Oficinas de emprego	10,4	Obter información de páxinas web	10,2
			Descargar formularios oficiais	10,6
			Formularios cubertos	10,5
			Non necesitou/empregou Internet	89,6
	Tramitación de beneficios sociais	10,7	Obter información de páxinas web	10,8
			Descargar formularios oficiais	10,8
			Formularios cubertos	10,6
			Non necesitou/empregou Internet	89,3
Tramitación de documentos persoais	Tramitación de documentos persoais	18,8	Obter información de páxinas web	19,1
			Descargar formularios oficiais	19,2
			Formularios cubertos	18,9
			Non necesitou/empregou Internet	81,2
	Tramitación de certificados	8,3	Obter información de páxinas web	8,4
			Descargar formularios oficiais	8,6
			Formularios cubertos	8,6
			Non necesitou/empregou Internet	91,7
	Xestións sanitarias	72,8	Obter información de páxinas web	73,4
			Descargar formularios oficiais	75,5
			Formularios cubertos	75,5
			Non necesitou/empregou Internet	27,2
Trámites con bibliotecas públicas	Trámites con bibliotecas públicas	8,2	Obter información de páxinas web	8,4
			Descargar formularios oficiais	8,6
			Formularios cubertos	8,3
			Non necesitou/empregou Internet	91,8
	Xestións universitarias	12,3	Obter información de páxinas web	12,4
			Descargar formularios oficiais	12,5
			Formularios cubertos	12,6
			Non necesitou/empregou Internet	87,7

Base: persoas que nos últimos 12 meses realizaron xestións coas AAPP por Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

C.21. PROCESO REALIZADO POR INTERNET NA SÚA XESTIÓN COA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E ORGANISMOS PÚBLICOS

PROCESOS REALIZADOS COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	Tipo de proceso	TOTAL %	Tipo de servizo	TOTAL %
	Xestións con centros educativos non universitarios	13,6	Obter información de páxinas web	13,9
			Descargar formularios oficiais	13,7
			Formularios cubertos	13,4
			Non necesitou/empregou Internet	86,4
	Xestións vinculadas con actividades de xuventude, albergues...	3,0	Obter información de páxinas web	3,1
			Descargar formularios oficiais	3,1
			Formularios cubertos	3
			Non necesitou/empregou Internet	97,0
	Trámites agrogandeiros e forestais	5,0	Obter información de páxinas web	5,1
			Descargar formularios oficiais	5
			Formularios cubertos	5
			Non necesitou/empregou Internet	95,0
	Outros trámites	7,1	Obter información de páxinas web	7,2
			Descargar formularios oficiais	6,9
			Formularios cubertos	6,7
			Non necesitou/empregou Internet	92,9

Base: persoas que nos últimos 12 meses realizaron xestións coas AAPP por Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Realizando agora a desagregación observamos como os distintos procesos coas AAPP varían segundo o sexo do usuario. Os homes prefiren realizar trámites como a declaración da renda (54,3%), documentos persoais (como o carné de conducir, pasaporte...) e certificados; mentres que as mulleres superan en máis de 10 puntos porcentuais aos homes en canto a xestións sanitarias, e tamén lles superan en trámites coas oficinas de emprego, beneficios sociais, bibliotecas públicas ou xestións universitarias.

C.22. PROCESO REALIZADO POR INTERNET NA SÚA XESTIÓN COA ADMINISTRACIÓN E ORGANISMOS PÚBLICOS SEGUNDO O SEXO

PROCESOS REALIZADOS COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	SEXO (%)		Total (%)
	Homes	Mulleres	
Tramitación da declaración da renda	54,3	46,5	50,4
Oficinas de emprego	8,8	11,9	10,4
Tramitación de beneficios sociais	8,8	12,6	10,7
Tramitación de documentos persoais	20,4	17,3	18,8
Tramitación de certificados	8,7	7,9	8,3
Xestións sanitarias	67,4	78,0	72,8
Trámites con bibliotecas públicas	7,1	9,4	8,2
Xestións universitarias	11,2	13,3	12,3
Xestións con centros non universitarios	11	16	13,6
Xestións vinculadas con actividades de xuventude, albergues...	2,8	3,3	3
Trámites agrogandeiros e forestais	6,1	3,8	5
Outros	7,6	6,7	7,1

Base: persoas que nos últimos 12 meses realizaron xestións coas AAPP por Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Segundo idades, as persoas que máis procesos realizan coas Administracións Públicas son as que teñen entre os 25 e 44 anos. Se analizamos dunha maneira máis minuciosa a táboa tamén podemos observar que son as persoas de 35-44 e 65-74 as que máis xestións sanitarias realizan na rede (79,1% e 82,6% respectivamente); os máis novos son os que máis trámites realizan en canto beneficios sociais (15,6%), bibliotecas públicas (20,3%) e xestións universitarias (43,4%). Por último, tamén destacar os 6,3 puntos porcentuais que as persoas de 25-34 anos están por enriba da media galega en canto a trámites con oficinas de emprego.

**C.23. PROCESO REALIZADO POR INTERNET NA SÚA XESTIÓN COA ADMINISTRACIÓN
E ORGANISMOS PÚBLICOS SEGUNDO IDADE**

PROCESOS REALIZADOS COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	IDADE (%)						Total (%)
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Tramitación da declaración da renda	10,6	53,1	59,2	58,3	57,6	52,6	50,4
Oficinas de emprego	8,7	16,7	11,1	8,9	5,7	0,0	10,4
Tramitación de beneficios sociais	15,6	10,8	12,3	9,6	5,9	0,8	10,7
Tramitación de documentos persoais	13,9	21,4	19,4	20,7	17,5	12,6	18,8
Tramitación de certificados	3,4	9,0	9,8	9,8	7,3	6,3	8,3
Xestións sanitarias	45,8	76,3	79,1	76,8	73,9	82,6	72,8
Trámites con bibliotecas públicas	20,3	7,0	6,9	6,0	4,9	2,5	8,2
Xestións universitarias	43,4	14,6	4,5	6,1	3,7	1,1	12,3
Xestións con centros non universitarios	28,8	7,2	14,4	15,2	5,4	0,5	13,6
Xestións vinculadas con actividades de xuventude, albergues...	5,8	2,5	2,6	3,7	1,4	0,2	3
Trámites agrogandeiros e forestais	1,4	5	4,8	7,1	6,1	3,8	5
Outros	4,4	7,3	7,3	9,1	6,8	5,2	7,1

Base: persoas que nos últimos 12 meses realizaron xestións coas AAPP por Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O nivel de estudos afecta directamente á porcentaxe de usuarios dos distintos procedementos coas administracións públicas, así a maior nivel educativo, maior uso da rede para realizar procesos coas administracións públicas.

C.24. PROCESO REALIZADO POR INTERNET NA SÚA XESTIÓN COA ADMINISTRACIÓN E ORGANISMOS PÚBLICOS SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS

PROCESOS REALIZADOS COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	NIVEL DE ESTUDOS (%)									Total (%)
	Sen estudos	E. Prima	1ª etapa de E.Sec.	2ª etapa de E.Sec.	E. Postsecundaria	FP	Graos uni. de 240 créd	Graos uni. >240 créd	Doutorado	
Tramitación da declaración da renda	40,8	38,5	38,0	39,7	65,7	58,9	60,6	69,2	71,7	50,4
Oficinas de emprego	0,0	12,5	9,5	9,4	0,0	13,6	9,4	10,7	11,3	10,4
Tramitación de beneficios sociais	0,0	10,8	9,8	10,4	0,0	12,1	9,5	11,6	18,6	10,7
Tramitación de documentos persoais	0,0	11,7	14,5	18,9	0,0	17,8	21,9	24,2	26,6	18,8
Tramitación de certificados	0,0	1,7	4,5	6,0	0,0	10,4	11,5	13,4	14,7	8,3
Xestións sanitarias	77,5	69,1	70,3	69,2	100,0	78,1	75,0	75,5	73,0	72,8
Trámites con bibliotecas públicas	0,0	5,2	4,1	9,1	0,0	6,2	10,4	12,3	34,0	8,2
Xestións universitarias	0,0	1,1	0,9	22,6	34,3	9,2	15,6	14,6	34,3	12,3
Xestións con centros non universitarios	0	6,7	15,2	11,4	0	10,9	14	16,5	18,9	13,6
Xestións vinculadas con actividades de xuventude, albergues...	0	1,7	1,8	3,3	0	2,9	3,3	4,5	4	3
Trámites agrogandeiros e forestais	13	4	5,9	4,5	0	6,2	4,4	3,4	7,8	5
Outros	22,5	3,6	5,4	6,1	0	8,1	7,8	9,6	14	7,1

Base: persoas que nos últimos 12 meses realizaron xestións coas AAPP por Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Se analizamos cada un dos procesos realizados por Internet coas Administracións Públicas, observamos que son as persoas que se atopan noutra situación as que máis usos lle dan, chegando a duplicar, nalgúns casos, a media autonómica, como por exemplo na realización de trámites con oficinas de emprego (22,4%). Os estudantes destacan nas xestións universitarias, cun 53,3%; mentres que os perceptores de pensión distinta da xubilación e os incapacitados sobresaen no uso de tramitacións sanitarias. Os parados sitúanse por enriba da media galega en canto a realización de trámites con oficinas de emprego (52,8%) e a tramitación de beneficios sociais (18,7%); e os ocupados son os que máis tramitan a declaración da renda por Internet (62,2%) e máis trámites de documentos persoais realizan (21,2%).

C.25. PROCESO REALIZADO POR INTERNET NA SÚA XESTIÓN COA ADMINISTRACIÓN E ORGANISMOS PÚBLICOS SEGUNDO A SITUACIÓN SOCIO-LABORAL

PROCESOS REALIZADOS COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	SITUACIÓN SOCIO-LABORAL (%)								Total (%)
	Ocupado	Parado	Xubilado	Incapacitado	Tarefas do fogar	Estudando	Perceptor de pensión distinta da xubilación	Outra situación	
Tramitación da declaración da renda	62,2	36,0	59,4	46,3	32,9	4,6	27,5	27,6	50,4
Oficinas de emprego	5,2	52,8	0,4	3,7	10,7	3,1	3,8	22,4	10,4
Tramitación de beneficios sociais	9,0	18,7	1,7	4,4	9,5	17,2	6,7	12,1	10,7
Tramitación de documentos persoais	21,2	18,4	14,5	18,2	10,3	12,0	9,1	19,0	18,8
Tramitación de certificados	9,5	8,8	5,8	9,9	5,1	3,1	6,4	10,3	8,3
Xestións sanitarias	77,1	71,6	80,3	74,4	84,6	41,7	87,5	60,5	72,8
Trámites con bibliotecas públicas	6,1	8,1	3,3	1,2	5,9	23,9	1,8	19,3	8,2
Xestións universitarias	6,8	10,4	1,7	0,9	4,1	53,3	0,7	19,6	12,3
Xestións con centros non universitarios	11,9	12,1	1,4	6	11,9	31,9	6,5	4	13,6
Xestións vinculadas con actividades de xuventude, albergues...	3	3	0,6	0	1,4	5	2,3	5,8	3
Trámites agrogandeiros e forestais	5,9	3,8	4,7	5,9	4,4	0,6	5,6	4,4	5
Outros	7,8	6,9	6,5	7	5,6	4,5	3,3	15,8	7,1

Base: persoas que nos últimos 12 meses realizaron xestións coas AAPP por Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Ourense é a provincia que máis procesos realiza por Internet na xestión coa administración electrónica e organismos públicos. Supera a media galega en todos as xestións, excepto nos trámites da declaración da renda e os documentos persoais; destaca especialmente nas xestións sanitarias (5,4 puntos porcentuais por enriba da media autonómica). Por outra banda, a provincia de Lugo tamén destacaríase nas xestións sanitarias (76,2%) e a provincia da Coruña destacaríase nos trámites da declaración da renda (53,1%).

C.26. PROCESO REALIZADO POR INTERNET NA SÚA XESTIÓN COA ADMINISTRACIÓN E ORGANISMOS PÚBLICOS SEGUNDO A PROVINCIA

PROCESOS REALIZADOS COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	PROVINCIA (%)				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Tramitación da declaración da renda	53,1	43,6	44,1	50,7	50,4
Oficinas de emprego	9,3	11,0	11,9	11,2	10,4
Tramitación de beneficios sociais	9,0	8,2	12,6	13,1	10,7
Tramitación de documentos persoais	19,9	15,5	16,1	19,3	18,8
Tramitación de certificados	7,8	9,8	8,7	8,3	8,3
Xestións sanitarias	72,4	76,2	78,2	70,6	72,8
Trámites con bibliotecas públicas	8,4	7,6	10,9	7,5	8,2
Xestións universitarias	11,8	12,3	14,6	12,2	12,3
Xestións con centros non universitarios	12,3	13,8	15,6	14,6	13,6
Xestións vinculadas con actividades de xuventude, albergues...	2,9	2,9	3,2	3,2	3
Trámites agrogandeiros e forestais	3,2	13,1	4,8	4,8	5
Outros	7,7	6,2	6,9	6,7	7,1

Base: persoas que nos últimos 12 meses realizaron xestións coas AAPP por Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

As poboacións de máis de 50 mil habitantes son as que máis uso lle dan aos distintos trámites que se poden realizar na Rede en interrelación coas administracións públicas. Tamén é destacable que as poboacións máis pequenas teñen unha porcentaxe de uso bastante alta na tramitación de documentos persoais (19,9%).

C.27. PROCESO REALIZADO POR INTERNET NA SÚA XESTIÓN COA ADMINISTRACIÓN E ORGANISMOS PÚBLICOS SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

PROCESOS REALIZADOS COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	TAMAÑO DE HÁBITAT (%)					Total (%)
	Ata 5.000 hab.	De 5.001 a 10.000 hab.	De 10.001 a 20.000 hab.	De 20.001 a 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	
Tramitación da declaración da renda	42,9	43,0	44,2	50,7	56,3	50,4
Oficinas de emprego	8,5	10,3	12,2	8,8	10,8	10,4
Tramitación de beneficios sociais	10,0	8,6	11,2	13,1	10,4	10,7
Tramitación de documentos persoais	19,9	15,9	15,4	17,1	21,4	18,8
Tramitación de certificados	7,5	5,4	6,4	7,2	10,5	8,3
Xestións sanitarias	69,7	72,9	73,4	75,6	72,1	72,8
Trámites con bibliotecas públicas	6,7	6,4	7,0	7,2	10,0	8,2
Xestións universitarias	11,7	10,8	11,7	10,4	13,8	12,3
Xestións con centros non universitarios	11,2	14,1	14,5	11,2	14,5	13,6
Xestións vinculadas con actividades de xuventude, albergues...	3,3	2,3	2	3,3	3,5	3
Trámites agrogandeiros e forestais	17,1	7,8	5,4	3	1,9	5
Outros	9	7,2	4,8	9,6	6,5	7,1

Base: persoas que nos últimos 12 meses realizaron xestións coas AAPP por Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Se analizamos os sete concellos de Galicia con maior poboación, atopamos as maiores porcentaxes de uso nas cidades de Pontevedra e Vigo, superando en case todos os casos a media autonómica.

C.28. PROCESO REALIZADO POR INTERNET NA SÚA XESTIÓN COA ADMINISTRACIÓN E ORGANISMOS PÚBLICOS NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

PROCESOS REALIZADOS COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	7 CONCELLOS DE GALICIA (%)							Total (%)
	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	
Tramitación da declaración da renda	59,1	60,5	53,2	45,3	51,7	52,3	60,4	50,4
Oficinas de emprego	9,9	9,9	9,1	13,2	15,4	11,5	10,0	10,4
Tramitación de beneficios sociais	8,8	9,9	7,1	9,2	14,1	9,3	12,7	10,7
Tramitación de documentos persoais	21,6	18,3	18,4	16,5	14,5	20,7	27,0	18,8
Tramitación de certificados	12,2	9,6	10,7	10,8	7,6	7,4	10,8	8,3
Xestións sanitarias	69,0	70,8	75,6	73,7	78,8	66,0	72,7	72,8
Trámites con bibliotecas públicas	10,1	7,8	12,8	9,7	10,0	10,2	9,1	8,2
Xestións universitarias	14,0	9,8	18,5	16,4	14,1	12,8	11,8	12,3
Xestións con centros non universitarios	13,7	15	12,5	12,5	16,1	18,5	14,9	13,6
Xestións vinculadas con actividades de xuventude, albergues...	4,1	2,7	4	2,5	1,9	2,3	4	3
Trámites agrogandeiros e forestais	1,6	3,5	3,4	2	1,6	1,6	1,6	5
Outros	5,1	8,5	6	6,3	5,7	4,4	8,6	7,1

Base: persoas que nos últimos 12 meses realizaron xestións coas AAPP por Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Segundo o número de membros no fogar, as persoas realizan unhas xestións ou outras segundo as súas necesidades. Os fogares dun membro destaca na tramitación da declaración da renda cun 62,3% e na tramitación de documentos persoais (25,0%). Os trámites con oficinas de emprego son maiormente realizados en fogares de dous membros (11,9%); e os fogares de 3 ou máis membros destacan na tramitación de beneficios sociais, xestións sanitarias ou xestións universitarias.

C.29. PROCESO REALIZADO POR INTERNET NA SÚA XESTIÓN COA ADMINISTRACIÓN E ORGANISMOS PÚBLICOS SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR

PROCESOS REALIZADOS COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR (%)					Total (%)
	Fogares de 1 membro	Fogares de 2 membros	Fogares de 3 membros	Fogares de 4 membros	Fogares de 5 ou máis membros	
Tramitación da declaración da renda	62,3	58,0	50,1	46,0	39,5	50,4
Oficinas de emprego	8,8	11,9	10,2	10,2	9,2	10,4
Tramitación de beneficios sociais	4,2	6,9	10,7	13,7	14,1	10,7
Tramitación de documentos persoais	25,0	20,2	17,4	17,9	18,8	18,8
Tramitación de certificados	8,8	9,0	8,4	7,5	8,5	8,3
Xestións sanitarias	71,6	77,3	75,1	69,1	67,8	72,8
Trámites con bibliotecas públicas	7,0	6,5	7,0	11,1	7,9	8,2
Xestións universitarias	6,9	7,6	12,0	17,1	12,2	12,3
Xestións con centros non universitarios	3,6	5,4	13,5	19,3	21,3	13,6
Xestións vinculadas con actividades de xuventude, albergues...	0,8	1,6	2,9	4,4	3,9	3
Trámites agrogandeiros e forestais	3,8	4	5,5	4,1	8,8	5
Outros	8,2	7,6	7,5	6	7,5	7,1

Base: persoas que nos últimos 12 meses realizaron xestións coas AAPP por Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

O nivel de ingresos no fogar afecta de xeito positivo a diversas xestións coas administracións, por exemplo, nos fogares con rendas superiores os 3.500 euros destacan nas tramitacións da declaración da renda (57,8%), ou na tramitación de documentos persoais (22,4%); doutra banda, é nas vivendas con rendas máis baixas onde máis uso se lle da os trámites coas oficinas de emprego, ou os trámites de beneficios sociais. Por último, as vivendas con rendas superiores aos 1.101 € destacan no uso das xestións sanitarias .

C.30. PROCESO REALIZADO POR INTERNET NA SÚA XESTIÓN COA ADMINISTRACIÓN E ORGANISMOS PÚBLICOS SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

PROCESOS REALIZADOS COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	VOLUME TOTAL DE INGRESOS NO FOGAR (%)						Total (%)
	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	
Tramitación da declaración da renda	31,1	36,4	45,0	51,3	53,0	57,8	50,4
Oficinas de emprego	34,5	19,9	14,1	10,8	5,7	5,0	10,4
Tramitación de beneficios sociais	12,9	13,8	12,0	10,6	10,5	8,8	10,7
Tramitación de documentos persoais	22,3	14,8	19,2	17,2	17,5	22,4	18,8
Tramitación de certificados	11,2	5,5	6,8	6,7	9,5	11,1	8,3
Xestións sanitarias	70,1	67,0	73,1	74,3	73,2	72,2	72,8
Trámites con bibliotecas públicas	7,1	7,0	7,2	8,0	7,9	10,1	8,2
Xestións universitarias	12,3	12,9	11,0	12,1	10,7	14,6	12,3
Xestións con centros non universitarios	7,5	10,9	14,8	13,3	13,5	14,4	13,6
Xestións vinculadas con actividades de xuventude, albergues...	1,3	1,4	2,5	2,3	3,6	4,7	3
Trámites agrogandeiros e forestais	0,5	4,4	3,9	4,5	5,7	6,5	5
Outros	7,5	8,2	5	7	7,8	8,2	7,1

Base: persoas que nos últimos 12 meses realizaron xestións coas AAPP por Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

A análise dos procesos realizados por Internet coas AAPP segundo a convivencia con nenos/as amosanos porcentaxes moi similares nalgúns casos, excepto na tramitación de beneficios sociais e nas xestións sanitarias, onde os fogares con nenos/as en idade escolar obrigatoria teñen unha maior porcentaxe. Os fogares sen nenos/as con idades comprendidas entre os 3-16 anos teñen unha maior porcentaxe de participación nas xestións universitarias.

C.31. PROCESO REALIZADO POR INTERNET NA SÚA XESTIÓN COA ADMINISTRACIÓN E ORGANISMOS PÚBLICOS SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS

PROCESOS REALIZADOS COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET	CONVIVENCIA CON NENOS / AS ESTUDANTES (%)		Total (%)
	Con nenos /as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Tramitación da declaración da renda	50,3	50,4	50,4
Oficinas de emprego	9,5	10,8	10,4
Tramitación de beneficios sociais	14,0	9,1	10,7
Tramitación de documentos persoais	19,0	18,7	18,8
Tramitación de certificados	9,1	7,9	8,3
Xestións sanitarias	74,0	72,2	72,8
Trámites con bibliotecas públicas	8,8	7,9	8,2
Xestións universitarias	9,1	13,8	12,3
Xestións con centros non universitarios	25,7	7,7	13,6
Xestións vinculadas con actividades de xuventude, albergues...	5,1	2	3
Trámites agrogandeiros e forestais	4,6	5,1	5
Outros	6,7	7,4	7,1

Base: persoas que nos últimos 12 meses realizaron xestións coas AAPP por Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2018)

Conclusións indicadores adicionais

Un 82,6% da poboación con teléfono móbil (o 94,4% da poboación galega de 16 a 74 anos) o usa para conectarse a Internet.

Tablets e ordenadores foron utilizados por un 69% dos galegos/as de 16 a 74 anos no último ano, sendo o uso principal a conexión á Rede (95,5%). Outros usos menos frecuentes son para traballar ou usalo profesionalmente (40,2%), para utilizalo de xeito persoal ou doméstico mediante ferramentas ofimáticas (43,5%) ou con ferramenta multimedia (39,3%).

A procura de información sobre bens ou servizos é o uso máis destacado de Internet entre os galegos/as que utilizaron a Rede nos últimos tres meses (84,4%) seguido, moi de cerca, pola recepción e envío de correos electrónicos (77,7%). Outros usos destacados son acceder á prensa dixital (59,6%), á banca electrónica (58,9%), escoitar radio/música ou ver TV/vídeos online (49,6%), procura de información sobre viaxes (46,7%) ou usar espazo de almacenamento na nube para gardar ficheiros, imaxes, música... (46,5%).

O 76,5% da poboación que utilizou Internet empregou redes sociais nos últimos tres meses, destacando as orientadas á comunicación, e o 95,6% utiliza apps nos seus dispositivos móbiles

Úsanse maioritariamente (97,5%) as destinadas a usos de comunicación e ao intercambio de mensaxes (Whatsapp, Telegram, Skype...); Facebook, Twitter, Google + foron utilizadas nos últimos tres meses por un 68,1% das persoas. As redes sociais de contidos específicos (Instagram, Pinterest e outras) son seguidas por un 47,3%.

A actividade máis estendida en redes é a de chatear e/ou enviar mensaxes (99,3%), así como compartir / ver vídeos ou música (63,1%). Outros usos menos frecuentes son adquirir coñecementos (45,1%), estar ao día do que fan os/as coñecidos/as (44,6%) ou comentar a actualidade/ publicar contidos (39,9%)

Entre as aplicacións para dispositivos móbiles preferidas, as máis destacadas son de redes sociais de todo tipo (Facebook, WhatssApp...). O 95,6% das persoas que empregaron Internet

nos últimos 3 meses utiliza apps. A maioría (71%) usan aplicacións para a predición meteorolóxica, e máis da metade (53,6%) emprega tamén aplicacións para banca electrónica.

Un terzo dos galegos que usaron Internet no último ano padeceu algún incidente de seguridade

Máis dun terzo dos galegos que usaron Internet nos últimos 12 meses padeceron algún incidente de seguridade mentres navegaban (28,5%): o máis frecuente é a recepción de spam (82,3%) seguido a moita distancia (20%) polos ataques de virus e/ou software malicioso.

En porcentaxes que se superan ao 62%, os internautas facilitan información de tipo persoal como nome, data de nacemento, número do DNI, e/ou información de contacto (endereço, número de teléfono, email...), e incluso o 46,3% dos galegos e galegas que navegaron por Internet nos últimos 12 meses non aplicaron ningunha acción para protexer o acceso á súa información persoal.

Entre os que sí o fixeron, destacar o 46% que fai regularmente copias de seguridade da súa información persoal ou que gardaron a devandita información na nube, o 35,4% que denegaron o permiso de uso da información persoal para fins publicitarios e o 34% que limitaron o acceso ao seu perfil ou ao contido nas redes sociais.

Máis da metade (57,1%) das persoas que usaron Internet nos últimos 12 meses actualizan periodicamente, automaticamente ou de xeito manual, algún dos seus produtos de seguridade.

Entre aqueles galegos/as que navegaron pola rede nos últimos 12 meses, un 52,3% accedeu a Internet utilizando unha rede wifi distinta á do seu domicilio, sen facer ningún tipo de verificación de seguridade no 45,6% dos casos. Polo contrario, un 40,6% adoita verificala e só se conecta se cumpre cuns requisitos mínimos de seguridade.

No que atinxe ás medidas de seguridade nos teléfonos móbiles, o 85,5% dos galegos e galegas que usaron Internet no último ano usaron PIN ou patrón de desbloqueo para garantir a seguridade dos seus dispositivos. Ademais disto, un 23,5% empregan a pegada dixital ou outros datos biométricos como medidas de seguridade.

Os galegos compran roupa e complementos, viaxes, material deportivo e entradas a espectáculos a través da Rede.

Entre os produtos e servizos adquiridos polos galegos e galegas que fixeron compras por Internet destacan a roupa e complementos (52,3%), os diversos produtos e servizos relacionados coas viaxes (billetes para medios de transporte, aluguer de coches, hoteis...) (33,5%), roupa e material deportivo (31,7%) e entradas para espectáculos (concertos, museos...) (29,8%).

Un 5,1% dos galegos e galegas que usaron Internet nos últimos 12 meses reservaron algún produto ou servizo procedentes de plataformas de economía colaborativa a través da Rede; se falamos daqueles que ofertaron algún produto nas devanditas plataformas no último ano a porcentaxe redúcese ata o 1,4%.

Nas diferentes xestións realizadas coas Administracións Públicas a través da Rede, destacan as xestións sanitarias, cun 72,8%, xunto coa tramitación da declaración da renda (50,4%).

O motivo principal de rexeitamento desta canle para realizar trámites administrativos públicos é a preferencia polo contacto persoal cos funcionarios, acadando un 84,3%. Xa máis lonxe, a segunda razón para non usar a Rede nas xestións administrativas é a falta de coñecemento das persoas para manexarse en Internet, cun 28,2%.

